

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------|------------|---------------|
| 15005233 | Agra do Orzán | Coruña (A) | 2023/2024 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|----------------------------------|---------------------------|--------------------------------------|------------------------------------|------------------------|
| AFD | Actividades físicas e deportivas | CSAFD01 | Ensinanza e animación sociodeportiva | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|---|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP1145 | Formación e orientación laboral | 2023/2024 | 4 | 107 | 128 |
| MP1145_12 | Prevenición de riscos laborais | 2023/2024 | 4 | 45 | 54 |
| MP1145_22 | Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego | 2023/2024 | 4 | 62 | 74 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|-----------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | ANTÍA MARTÍNEZ CASTRO |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Formación e Orientación Laboral, de carácter transversal, é común a todos os Ciclos Formativos. A súa finalidade é a de formar profesionais que, ademais da competencia técnica específica, posúan unha formación persoal e humana que lles permita desenvolverse e relacionarse axeitadamente non seu traballo.

Sen dúbida, o módulo Formación e Orientación Laboral é fundamental para lograr esta finalidade, pois con este módulo preténdese que o/a alumno/a teña un esquema claro e unhas pautas que permitan a súa inserción no mundo laboral.

O módulo de Formación e Orientación Laboral ten un carácter transversal, o cal implica que ten que relacionarse co resto de módulos de calquera Ciclo Formativo. Sen embargo presenta unha relación máis estreita co módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora (E.I.E.); por elo a programación faise dunha maneira o máis interdisciplinar posible con esta materia.

A maneira de organizar, secuenciar e presentar os contidos é decisiva, pois deben estar contextualizados, deben ser coherentes e lóxicos para os/as alumnos/as e a metodoloxía axeitada ó tipo de coñecemento que se desexa construír. Si temos en conta que a aprendizaxe non depende da cantidade de información que se proporciona ós alumnos, senón das conexións que estes logren establecer entre o que xa saben e o que descoñecen, parece lóxico que sexan os propios alumnos os que constrúan o coñecemento resolvendo diferentes casos ou situacións de traballo que se poden presentar no seu ámbito produtivo.

A formación relativa á prevención de riscos laborais dentro do módulo de formación e orientación laboral aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitálo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

De acordo co artigo 9º.2 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, establécese a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración, coa finalidade de facilitar a formación ao longo da vida, respectando, en todo caso, a necesaria coherencia da formación asociada a cada unha delas.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título relacionadas co módulo de FOL son as que se relacionan deseguido:

- h) Aplicar procedementos de calidade e de prevención de riscos laborais e ambientais, conforme o establecido nos procesos de mecanizado.
- i) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais que se orixinan por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.
- j) Cumprir os obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo e actuando conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.
- k) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se derivan das relacións laborais, consonte o establecido na lexislación.
- l) Xestionar a propia carreira profesional, analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.
- m) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando un estudo de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.
- n) Participar na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e de responsabilidade.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|--|--------------------|----------|
| 1 | A prevención de riscos. Dereitos e obrigas | Análise da relación entre as condicións de traballo potencialmente perigosas e os riscos laborais, e da necesidade de adoptar medidas de prevención e protección para evitar danos profesionais. Relación da normativa aplicable | 13 | 10 |
| 2 | Avaliación de riscos xerais e específicos na empresa | A avaliación de riscos e as medidas de prevención e protección de xeito xeral e os específicos da titulación | 23 | 12 |
| 3 | Como xestionar a acción preventiva? Primeiros auxilios. | A planificación das actividades preventivas. Organismos públicos españois relacionados, estudo da forma de organización da prevención na empresa e participación dos traballadores en materia de seguridade e saúde. Análise do plan de prevención e de emerxencia: plan de evacuación, loita contraincendios e primeiros auxilios | 18 | 12 |
| 4 | A relación laboral | Características da relación laboral amparada polo Estatuto dos Traballadores. Dereitos e obrigas para o traballador e o empresario. | 10 | 8 |
| 5 | Contratos de traballo | Que é un contrato de traballo e os modelos de contrato existentes | 7 | 8 |
| 6 | O tempo de traballo e a súa retribución | A xornada e a retribución do traballo como elementos esenciais da relación laboral: clasificación profesional, xornada, horario, tempos de descanso, reducións de xornada e permisos retribuídos; percepcións salariais e non salariais, percepción e pago do salario e a nómina | 16 | 9 |
| 7 | Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo | Identificar as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral. A liquidación de haberes. | 10 | 8 |
| 8 | A participación dos traballadores na empresa | Como participan os traballadores na empresa. Representación colectiva | 5 | 8 |
| 9 | O sistema de Seguridade Social | Coñecer a acción protectora da seguridade social e saber calcular as principais prestacións contributivas. | 11 | 10 |
| 10 | A procura de emprego | Planificar o itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida. | 9 | 9 |
| 11 | O traballo en equipo | Participar responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización | 6 | 6 |

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 1 | A prevención de riscos. Dereitos e obrigas | 13 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as relacionados coa seguridade e a saúde laboral | SI |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde do/da traballador/a |
| CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde dos/das traballadores/as |
| CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais |
| CA1.4 Comprenderónse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente |
| CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de traballadores/as sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores |
| CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da animación sociodeportiva e da animación turística |
| CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas dos/das traballadores/as en materia de prevención de riscos laborais |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde. |
| Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral. |
| Análise dos dereitos e das obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as en prevención de riscos laborais. |
| Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral. |
| Protección de traballadores/as especialmente sensibles a determinados riscos. |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 2 | Avaliación de riscos xerais e específicos na empresa | 23 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da animación sociodeportiva e da animación turística | SI |
| RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva | NO |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva |
| CA2.2 Clasifícanse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles |
| CA2.3 Clasifícanse e descríbense os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva |
| CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva |
| CA2.5 Levoase a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade |
| CA4.1 Defínense as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse |
| CA4.2 Analízase o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos |
| CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais. |
| Determinación dos danos á saúde do/da traballador/a que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados. |
| Riscos específicos no sector da animación sociodeportiva e da animación turística en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados. |
| Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector da animación sociodeportiva e da animación turística. |
| Medidas de prevención e protección individual e colectiva. |

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 3 | Como xestionar a acción preventiva? Primeiros auxilios. | 18 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados | SI |
| RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva | NO |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa |
| CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais |
| CA3.3 Determináronse os xeitos de representación dos/das traballadores/as na empresa en materia de prevención de riscos |
| CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais |
| CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia |
| CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén |
| CA3.7 Defínese o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva |
| CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título |
| CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia |
| CA4.5 Identifícanse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade |
| CA4.6 Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades. |
| Órganos de representación e participación dos/das traballadores/as en prevención de riscos laborais. |
| Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos. |
| Planificación da prevención na empresa. |
| Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo. |
| Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector. |
| Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención. |
| Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia. |

| Contidos |
|--|
| Aplicación das técnicas de primeiros auxilios. |
| Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios. |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------------|----------|
| 4 | A relación laboral | 10 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo | NO |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo |
| CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais |
| CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral |
| CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva |
| CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Dereito do traballo. |
| Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais. |
| Análise da relación laboral individual. |
| Dereitos e deberes derivados da relación laboral. |
| Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva. |

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------|----------|
| 5 | Contratos de traballo | 7 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo | NO |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo |
| CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos |
| CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva |
| CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Dereitos e deberes derivados da relación laboral. |
| Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva. |
| Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación. |
| Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc. |

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 6 | O tempo de traballo e a súa retribución | 16 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo | NO |
| RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións | NO |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva |
| CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres |
| CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran |
| CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social |
| CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dun/dunha traballador/a e as cotas correspondentes a el/ela e á empresa |

4.6.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva. |
| Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc. |
| A seguridade social como pilar do estado social. |
| Estrutura do sistema de seguridade social. |
| Determinación das principais obrigas dos/das empresarios/as e dos/das traballadores/as en materia de seguridade social. |

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 7 | Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo | 10 |

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo | NO |

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral |

4.7.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. |

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 8 | A participación dos traballadores na empresa | 5 |

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo | NO |

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.10 Identificáronse os órganos de representación dos/das traballadores/as na empresa |
| CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución |
| CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo |

4.8.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| 0Representación dos/das traballadores/as na empresa. Conflitos colectivos. Novos contornos de organización do traballo. Sindicatos e asociacións empresariais. |

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------------------------|----------|
| 9 | O sistema de Seguridade Social | 11 |

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións | NO |

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.1 Valórouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía |
| CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social |
| CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos |
| CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico |

4.9.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Protección por desemprego. |
| Prestacións contributivas da seguridade social. |

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|----------------------|----------|
| 10 | A procura de emprego | 9 |

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida | SI |

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais |
| CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás exigencias do proceso produtivo |
| CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea |
| CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo |
| CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva |
| CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral |
| CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva |
| CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego |
| CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título |

4.10.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais. |
| Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva. |
| Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa. |
| Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva. |
| Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva. |
| Proceso de toma de decisións. |
| Proceso de procura de emprego no sector de actividade. |
| Técnicas e instrumentos de procura de emprego. |

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|----------------------|----------|
| 11 | O traballo en equipo | 6 |

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización | SI |

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en Ensinanza e Animación Sociodeportiva e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual |
| CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces |
| CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo |
| CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas |
| CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo |
| CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo |
| CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros |

4.11.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Diferenciación entre grupo e equipo de traballo. |
| Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización. |
| Equipos no sector da animación sociodeportiva e da animación turística segundo as funcións que desempeñen. |
| Dinámicas de grupo. |
| Equipos de traballo eficaces e eficientes. |
| Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade. |
| Conflito: características, tipos, causas e etapas. |
| Técnicas para a resolución ou a superación do conflito. |

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles están previstos para cada unidade didáctica no apartado anterior. Os mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva son os seguintes:

1. Relacionar as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
2. Distinguir os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
3. Comprender as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
4. Valorar as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
5. Analizar os dereitos á vixilancia e protección da saúde.
6. Determinar as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional.
7. Clasificar os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
8. Clasificar e describir os tipos de danos profesionais.
9. Identificar as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo.
10. Avaliar os riscos nun contorno de traballo.
11. Clasificar os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos iterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
12. Determinar os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
13. Establecer o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determinar as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
14. Definir o contido do plan de prevención nun centro de traballo.
15. Proxectar un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa.
16. Definir as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
17. Analizar o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
18. Seleccionar os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
19. Analizar os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
20. Identificar as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
21. Identificar as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.
22. Identificar o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
23. Distinguir os principais organismos que interveñen nas relacións laborais
24. Identificar os elementos esenciais dun contrato de traballo.
25. Analizar as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
26. Valorar os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
27. Determinar as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable.
28. Analizar o recibo de salarios e identificar os principais elementos que o integran.
29. Identificar as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
30. Identificar os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
31. Analizar os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
32. Valorar o papel da Seguridade Social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.

33. Delimitar o funcionamento e a estrutura do sistema da Seguridade Social.
34. Identificar, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
35. Determinar as principais prestacións contributivas da Seguridade Social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
36. Determinar as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.
37. Identificar os equipos de traballo en situacións de traballo e valorar as súas vantaxes sobre o traballo individual.
38. Determinar as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
39. Empregar axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
40. Determinar procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
41. Analizar os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.
42. Deseñar os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional.
43. Determinar as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionar a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
44. Identificar as principais fontes de emprego e de inserción laboral.
45. Empregar adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
46. Prever as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

Os criterios de avaliación mencionados como elementos curriculares son indicadores do nivel aceptable de desenvolvemento dos resultados da aprendizaxe correspondentes, de xeito que, nas diversas actividades e probas de avaliación tomaranse en conta para a medición das aprendizaxes.

Na avaliación, consideraranse, en todo caso, aqueles criterios de avaliación marcados como mínimos esixibles en cada unidade didáctica. A cualificación levarase a cabo de forma parcial, ao remate das unidades didácticas ou grupo delas que conforman cada unha das unidades formativas e tamén ó longo de todo o proceso de ensinanza.

Avaliaranse tanto as competencias profesionais, persoais e sociais.

O sistema de avaliación terá lugar fundamentalmente mediante:

Realización de probas escritas teóricas e / ou prácticas e traballos individuais (cando a profesora considere necesario a realización dos mesmos).

As probas escritas e prácticas consistirán en preguntas test ou verdadeiro ou falso xustificando, preguntas curtas e/ou supostos prácticos.

A/s proba/s escrita teórica ou práctica de avaliación, segundo as unidades, terá unha ponderación do 70% sobre a nota final.

Os traballos e actividades de aula (no caso de que a profesora indique a súa entrega) terán unha ponderación do 30% sobre a nota final.

Comprobarase en cada un deles o grao de consecución dos mínimos esixibles.

A/o alumna/o deberá entregar todas as actividades propostas pola profesora e terá que acadar mínimo dun 4,5 sobre 10 en cada actividade para que poida mediar co resto de actividades.

Para aprobar a avaliación, será obrigatorio que o alumno obteña de media un 5 ponderados o 70% de probas escritas realizadas ata o momento e o 30% de traballos e actividades de aula (tendo mínimo un 4,5 en cada un para a realización da media). En caso contrario o alumno deberá recuperar os exames, traballos ou actividade que tivera suspensos. Se o alumno suspendese, a profesora establecerá os sistemas de recuperación que estime oportunos.

Para alcanzar unha avaliación final positiva no módulo será necesaria que o/a alumno/a obtivera cualificacións iguais ou superiores a cinco puntos en todas as avaliacións.

No caso de o docente detectar prácticas fraudulentas nalgunha proba escrita (exame ou traballo) como copia, plaxio, uso inadecuado de

dispositivos electrónicos , etc. a calificación de devandita proba será de 0 puntos sobre 10 e terá que recuperarse na recuperación final de Xuño esa parte.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos e alumnas co módulo suspenso que tiveran promocionado ao segundo curso do ciclo formativo terán que realizar os traballos que lles vaian indicando os profesores que impartan o módulo no primeiro curso do ciclo no presente curso.

Para marcar as actividades/traballos que deberá realizar cada alumno os docentes do presente curso deberán valorar o informe individualizado de avaliación que fixo o docente do curso anterior sobre el.

Esta recuperación farase mediante un único exame final teórico-práctico a non ser que o profesor valore en concordancia co alumnado co módulo pendente a posibilidade de realizar probas escritas parciais ou algún traballo dalgunha parte concreta máis práctica.

No caso de realizarse probas parciais a calificación numérica obterase realizando a media aritmética das mesmas.

No caso de o docente detectar prácticas fraudulentas nalgunha proba escrita (exame ou traballo) como copia, plaxio, uso inadecuado de dispositivos electrónicos , etc. a calificación de devandita proba será de 0 puntos sobre 10.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que supere o límite de faltas de asistencia do 10% das horas totais do módulo, establecido legalmente, perderá o dereito a avaliación continua, e deberá presentarse, para superar o módulo a unha proba extraordinaria de avaliación despois da da terceira avaliación e antes da avaliación final de módulos onde se examine de tódolos CAs traballados ao longo do curso.

Para a súa superación deberá obter como mínimo un 5 sobre 10 puntos na proba escrita realizada.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación irá aparellado á avaliación da propia práctica docente, indicando o grao de cumprimento da mesma e, en caso de desviacións, facer unha xustificación razoada dos motivos.

- Durante as reunións de departamento irase dando conta das incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento do establecido na programación.

- Ao final de cada trimestre na reunión de departamento realizaremos un seguimento específico das distintas programacións ao longo dese trimestre, tomando nota das incidencias detectadas así como das decisións que se adoptan ao respecto.

- Ao final do curso o departamento fará unha valoración global do grao de cumprimento da programación e establecerá un plan de mellora, de ser necesario, para o vindeiro curso.

Durante todo o curso tomarase nota por parte da docente de aquelas cuestións que se consideren relevantes no desenvolvemento da programación.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Na aula, na primeira sesión, realizaremos unha proba escrita de avaliación inicial para ver os coñecementos dos que partimos así como as dificultades que nos podemos atopar de cara a poder adaptar o proceso de ensinanza-aprendizaxe no caso de atoparnos con alumnos con dificultades de aprendizaxe ou outras circunstancias adaptables.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No caso excepcional de serean necesarias medidas de reforzo educativo realizaranse modificacións das actividades, traballos, métodos ou grupos de traballo. En particular, adoptaranse medidas consistentes en:

- Reforzos educativos a través do asesoramento docente na elaboración de tarefas de especial dificultade.
- Reservar, ao longo das clases, momentos para que o alumno poida preguntar dúbidas.
- Sesións de apoio fóra do horario lectivo (recreos ...)

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

a) Educación moral e cívica. Cos seguintes obxectivos:

1. Recoñecer a propia identidade e tomar conciencia das súas capacidades persoais como medio para alcanzar unha progresiva e sólida autoafirmación da personalidade.
2. Formarse unha imaxe axustada de si mesmo que lle permita asumir a súa propia vida.
3. Utilizar o diálogo nas negociacións de convenios colectivos e na resolución de posibles conflitos laborais.
4. Analizar os valores que rexen o funcionamento dunha empresa e adoptar xuízos e actitudes persoais respecto deles.
5. Participar en actividades de grupo dentro da empresa, con actitudes solidarias e tolerantes, recoñecendo e valorando a diferenza entre as persoas.
6. Analizar de forma crítica os valores que rexen os equipos de traballo para adoptar posturas persoais.
7. Mostrar esforzo por integrarse nun equipo de forma efectiva.

b) Educación para a saúde. Cos seguintes obxectivos:

1. Establecer relacións equilibradas coas persoas, baseadas no respecto e interese polos outros, pola súa contribución ao equilibrio emocional persoal e grupal eliminando o estrés.
2. Coñecer e adoptar modos de vida sans dentro do ámbito laboral, comprendendo e asumindo as consecuencias que se derivan deles
3. Reflexionar sobre as razóns que conducen a prácticas sociais e ambientais non saudables dentro do ámbito laboral, e rexeitalas optando por valores que favorecen o benestar.

c) Educación ambiental. Cos seguintes obxectivos:

1. Interesarse por coñecer e comprender realidades ambientais, do propio posto de traballo e da empresa en xeral, comprendendo como inciden nas propias actitudes e comportamentos e no equilibrio do ámbito.
2. Sentir respecto e implicación na mellora e a conservación do medio dentro do ámbito laboral.
3. Coñecer e reflexionar sobre os problemas ambientais de ampla resonancia no mundo actual.

d) Educación para a paz. Cos seguintes obxetivos:

1. Valorar a autoestima e a seguridade persoal.
2. Ser capaz de superar inhibicións e prexuízos, tanto nas actuacións individuais coma nas colectivas, canalizando a propia agresividade cara a actitudes que promoven o ben común.
3. Defender o valor intrínseco do diálogo como manifestación pacificadora e proba de racionalidade fronte ao uso de condutos coactivos e de forza.

e) Educación para a igualdade entre os sexos. Cos seguintes obxetivos:

1. Participar nas actividades de grupo de forma responsable, solidaria e construtiva, apreciando a diferenza como riqueza colectiva.
2. Mostrar esforzo por modificar as actitudes violentas, evitando agresións verbais, menosprezos ou comentarios despectivos.
3. Coñecer os mecanismos e os valores do funcionamento social.
4. Distinguir elementos discriminatorios no ámbito e introducirse na crítica obxectiva da utilización sexista da linguaxe.

f) Educación nas novas tecnoloxías. Cos seguintes obxetivos:

1. Adoptar actitudes favorables na incorporación, o uso e a actualización das novas tecnoloxías.
2. Utilizar os instrumentos que ofrece a tecnoloxía nos procesos de busca de emprego.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

En principio non se contemplan charlas complementarias ou extraescolares aínda que sempre é valorable algunha actividade sobre Prevención de Riscos e como actuar ante unha situación de emerxencia, primeiros auxilios, etc.

10. Outros apartados

10.1) Libro de texto

O libro a utilizar para levar a cabo a docencia será o de Paraninfo "FUNDAMENTOS. Formación y Orientación Laboral"
Autores: José Carlos González Acedo e Rosario Pérez Aroca